

**INFORME SOBRE INCIDENTES DE ODIO POR RAZÓN DE
ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO
ACONTECIDOS NO ÁMBITO DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE
GALICIA**

2024



**XUNTA
DE GALICIA**

XUNTA DE GALICIA

Consellería de Política Social e Igualdade

Elabora:

Dirección Xeral de Promoción da Igualdade

Santiago de Compostela, 2026

Contacto:

igualdade.xunta.gal

igualdade@xunta.gal

Contido

1. XUSTIFICACIÓN.....	5
2. METODOLOXÍA.....	6
3. INCIDENTES DE ODIO POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO.....	8
3.1. Fontes externas ao Observatorio Galego LGBTQ+.....	8
3.1.1. Oficina nacional de delitos de odio.....	8
Incidentes de odio en Galicia en 2024.....	10
Evolución do incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en Galicia.....	11
Comparativa dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en España.....	12
Información sobre os feitos coñecidos e os feitos esclarecidos en Galicia.....	13
Perfil da autoría.....	13
Perfil da vítima.....	14
3.1.2. Informe da Valedora do Pobo.....	15
Introdución.....	15

Datos cuantitativos.....	16
3.2. Observatorio Galego LGBTIQ+.....	18
Denuncia trasladada pola asociación Trans Miño.....	18
Denuncia trasladada pola asociación Arelas.....	20
3.2.2. Informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia de ALAS A Coruña Asociación LGTBI+.....	22
Número de Incidentes e Agresións.....	22
Tipoloxía dos Incidentes de Odio.....	23
Espazos onde ocorren os Incidentes.....	23
Distribución Xeográfica dos Incidentes.....	24
4. CONCLUSIÓNS.....	25

1. XUSTIFICACIÓN

O 22 de outubro de 2018 publicouse no Diario Oficial de Galicia o *Decreto 131/2018, do 10 de outubro, polo que se crea e se regula o Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero*, coa finalidade de dar cumprimento ao previsto no artigo 7.2 da *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, o cal estipula que os poderes públicos de Galicia establecerán un diálogo fluído e colaborarán coas asociacións, organizacións e colectivos LGBTI que teñan un interese lexítimo na loita contra a discriminación por razón de orientación sexual ou identidade de xénero.

En virtude do Decreto 131/2018, do 10 de outubro, procedeuse á creación do *Observatorio galego contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero* como o órgano colexiado de asesoramento, colaboración institucional e participación social en materia de diversidade de orientación sexual e de xénero no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Na xuntanza constituínte do Observatorio, que tivo lugar o 21 de xuño de 2019 acordouse dotar o Observatorio dun Regulamento de funcionamento interno. Este texto foi posteriormente aprobado no pleno do Observatorio que se realizou o 6 de xuño de 2021. No Capítulo IV deste regulamento, referido a Informes e propostas, recóllese o seguinte:

Artigo 15. Elaboración de informes

1. Correspóndelle ao Observatorio emitir un informe, con carácter anual e a presentar no primeiro trimestre do ano, a partir da recollida de datos acerca dos incidentes de odio por razón de orientación sexual e identidade de xénero acontecidos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e, de ser o caso, das intervencións realizadas polo Observatorio, de acordo cos fins establecidos no artigo 3 do Decreto 131/2018.

Este informe sobre os incidentes de odio en Galicia, ademais de dar resposta ao artigo 15 do regulamento do Observatorio, responde ás recomendacións e aos estándares internacionais que se derivan do dereito internacional dos dereitos humanos tanto no seu ámbito universal como, especialmente, no rexional europeo.

A compilación de datos sobre incidentes de odio recollidos neste informe, permite facer unha avaliación crítica da situación que vive o colectivo LGBTI, sensibilizar a sociedade contra a LGBTIfobia e xerar mellores instrumentos de intervención comunitaria e de actuación institucional.

2. METODOLOXÍA

Para a elaboración deste informe contouse con fontes oficiais e con datos achegados polas entidades que forman parte do Observatorio LGBTIQ+, concretamente co informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia "Un

compromiso colectivo”, elaborado pola asociación ALAS A Coruña Asociación LGTBI+.

As fontes de información externas ao Observatorio Galego LGBTIQ+ foron as seguintes:

- Oficina Nacional de Loita contra os Delitos de Odio. Dirección Xeral de Coordinación e Estudos. Secretaría de Estado de Seguridade do Ministerio do Interior.
- Valedora do Pobo.

Con respecto á información recollida da Dirección Xeral de Coordinación e Estudos, os datos recollidos proveñen de dúas fontes principais:

- O Informe sobre a evolución dos delitos de odio en España. 2024
- O portal estatístico de criminalidade. 2024

A información obtida da Valedora do Pobo foi recollida do último informe correspondente ao ano 2024.

A información recollida do *Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero* responde ás denuncias de incidentes de odio que se fixeron chegar ao Observatorio durante o ano 2024.

3. INCIDENTES DE ODIOS POR ORIENTACIÓN SEXUAL E IDENTIDADE DE XÉNERO

3.1. Fontes externas ao Observatorio Galego LGBTIQ+

3.1.1. Oficina nacional de delitos de odio

A Organización para a Seguridade e Cooperación en Europa (OSCE) define os delitos de odio como “toda infracción penal, incluídas as cometidas contra as persoas ou a propiedade, onde o ben xurídico protexido, elíxese pola súa, real ou percibida, conexión, simpatía, filiación, apoio ou pertenza a un grupo. Un grupo baséase nunha característica común dos seus membros, como a súa raza, real ou percibida, a orixe nacional ou étnica, a linguaxe, a cor, a relixión, a idade, a discapacidade, a orientación sexual, ou outro factor similar”.

Esta definición implica unha posterior adaptación á lexislación propia de cada Estado, polo que o marco dos delitos de odio e discriminación usado por organismos internacionais e incluso nacionais non corresponde propiamente ás categorías xurídicas concretas na nosa lexislación penal, senón que se refire a un conxunto de condutas que en ocasións poden tipificarse como novas, e noutras xa están tipificadas no Código Penal ou en normas administrativas.

No Informe sobre a evolución dos delitos de odio en España e no portal estatístico de criminalidade, recóllense de forma separada as “infraccións administrativas e outros tipos de incidentes de odio” dos supostos “delitos de odio”, para atender ás recomendacións dos organismos internacionais. **Ao longo deste informe emprégase o termo “incidentes de odio” como termo paraugas dentro do cal se inclúen tanto delitos como infraccións con compoñente de odio.**

Na codificación das estatísticas de criminalidade, existe a figura do ámbito ou contexto delituoso. Este campo inclúe as circunstancias e/ou condicións nas que se desenvolve un feito criminal. Partindo desta premisa, o ámbito que se computaría como “delito de odio por orientación sexual ou identidade de xénero” a efectos do presente informe así como nas fontes consultadas é calquera feito delituoso que sinala a existencia dun móbil de odio ou discriminación cara a vítima pola súa orientación sexual/identidade de xénero.

Por **feitos coñecidos** enténdese o conxunto de infraccións penais e administrativas, que foron coñecidas polas distintas Forzas e Corps de Seguridade, ben por medio de denuncia interposta ou pola actuación policial realizada *motu proprio* (labor preventiva ou investigación).

Os **feitos esclarecidos** clasifícanse como tales cando no feito se dean algunhas das seguintes circunstancias:

- › Detención do autor *“in fraganti”*.


- › Identificación plena do autor ou algún dos autores, sen necesidade de que estea detido, aínda que se atope en situación de liberdade provisional, fuxido ou falecido.
- › Cando exista unha confesión verificada, probas sólidas ou cando haxa unha combinación de ámbolos dous elementos.
- › Cando a investigación revele que, en realidade, non houbo infracción.

A continuación presentamos un extracto do informe emitido pola Oficina Nacional de Loita contra os Incidentes de Odio referente ao ano 2024. Todos os incidentes de odio recollidos neste informe trátanse de “delitos de odio” por supoñer infraccións penais.


Incidentes de odio en Galicia en 2024

Os incidentes de odio máis numerosos rexistrados en Galicia en 2024 foron por racismo/xenofobia, con 38 infraccións penais, o que supuxo o 49% dos incidentes rexistrados, seguido **dos incidentes por orientación sexual e identidade de xénero, con 16 infraccións penais, supuxeron un 20% do total de incidentes de odio rexistrados**. Resalta o descenso en incidentes de odio con motivos ideolóxicos, de 35 en 2023 a 5 en 2024.

Táboa 1: Número de incidentes de odio por colectivo. Galicia. 2024



Táboa 2: Número de incidentes de odio por colectivo. Galicia. 2023



Evolución do incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en Galicia

Na táboa 3 recóllese a evolución dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero rexistrados en Galicia dende 2016. **En 2024 rexistráronse 16 casos, un descenso do 43,75% a respecto do ano 2023.**

Táboa 3: Evolución dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. Galicia. 2017-2024


Ano								% Variación	
2017	2018	2019	2020	2021	2022	2023	2024	23/22	24/23
6	10	12	5	23	11	23	16	109,09 %	-43,75 %

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Comparativa dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero en España

Durante o ano 2024 rexistráronse un total de 528 incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero cometidos en España, 7 casos máis que en 2023 (un aumento do 1,15%). Tal e como se pode ver na táboa 4, Cataluña foi a Comunidade Autónoma onde se rexistraron máis casos (22% do total rexistrado), seguido de Andalucía (15%), Madrid (11%) e a Comunitat Valenciana (11%).

Táboa 4: Incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. España. 2024



Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Información sobre os feitos coñecidos e os feitos esclarecidos en Galicia

Dos 16 feitos coñecidos en Galicia, 7 producíronse na provincia da Coruña, 1 na provincia de Lugo, 3 na provincia de Ourense e 5 na provincia de Pontevedra.

Táboa 5: Número e tipoloxía das infraccións penais. Galicia. 2024

Tipoloxía penal	Feitos coñecidos
Acoso contra a liberdade das persoas	1
Ameazas	2
Coaccións	2
Inxurias	1
Lesións	1
Promoción/incitación pública ao odio, hostilidade, discriminación	7
Trato degradante	2
TOTAL	16

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Deses 16, foron 14 os feitos esclarecidos, e realizáronse 6 detencións.

En canto ao lugar onde se produciron, 9 dos casos ocorreron en vivendas, 3 en vías de comunicación, 2 en establecementos, 1 noutras instalacións ou recintos e 1 en espazos abertos.

Perfil da autoría

No ano 2024, na Comunidade Autónoma de Galicia, foron 6 as persoas detidas/investigadas en relación aos Incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero: catro mulleres e dous homes. Das mulleres dúas foron menores de idade, unha con idade comprendida entre 41 e 50 anos e unha maior de 65 anos. Dos homes detidos/investigados un deles tiña unha idade comprendida entre 51 e 65 anos e o outro era maior de 65 anos.

Táboa 6: Perfil da autoría dos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero. Galicia. 2024

Idade da persoa detida	Masculino	Femenino
Menores de idade	0	2
De 41 a 50 anos	0	1
De 51 a 65 anos	1	1
Maiores de 65 anos	1	0
Total	2	4

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

Perfil da vítima

Tal e como se pode ver na táboa 7, entre as 14 vítimas identificadas en 2024, 10 foron homes, 1 deles menores de idade, e 4 foron mulleres, tamén unha menor de idade.

Táboa 7: Número, sexo e idade das vítimas. Galicia. 2024

	Masculino	Feminino
A Coruña	4	2
De 18 a 25 anos	0	1
De 26 a 40 anos	2	1
De 41 a 50 anos	1	0
De 51 a 65 anos	1	0
Lugo	0	0
Ourense	1	2
Menores de idade	0	1
De 18 a 25 anos	1	0
De 26 a 40 anos	0	1
Pontevedra	5	1
Menores de idade	1	0
De 18 a 25 anos	1	0
De 26 a 40 anos	2	1
De 51 a 65 anos	1	0
Total Galicia	10	4

Fonte: Portal estatístico de criminalidade. Ministerio do Interior

3.1.2. Informe da Valedora do Pobo

Introdución

Galicia aprobou a *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia* cuxo obxectivo é garantir o principio de igualdade de trato e de non discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero das persoas homosexuais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais e que incorpora medidas destinadas á prevención, corrección e eliminación de toda discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero, nos sectores público e privado.

Esta norma, na súa Disposición Final Segunda faculta á Valedora do Pobo como autoridade independente para velar pola igualdade de trato e non discriminación por razón das causas previstas na mesma, tanto no sector público como no privado, mediante o exercicio, non só da supervisión das administracións, senón desenvolvendo funcións como prestar apoio ás persoas que puidesen sufrir discriminación para a tramitación das súas queixas ou reclamacións, constituírse en órgano de mediación ou conciliación, iniciar de oficio, ou a instancia de terceiros, investigacións sobre a existencia de posibles situacións de discriminación que revistan unha especial gravidade ou relevancia e colaborar co Defensor del Pueblo e as restantes institucións nacionais e internacionais.

A institución da Valedora do Pobo, no seu compromiso de levar adiante as tarefas encomendadas pola *Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia*, dunha maneira proactiva, tramitou as queixas, apoiando as persoas e os colectivos que loitan contra a discriminación e impulsando investigacións de oficio que poidan servir como ferramenta para evitala.

Esta entidade, ademais, emite un informe anual no que se recollen as denuncias recibidas, o traballo feito e as principais preocupacións da cidadanía. Este informe conta con seis capítulos, sendo o terceiro dos cales o referente a “queixas por área”. Dentro deste capítulo, o informe conta cun apartado específico sobre “discriminación por razón de orientación sexual e identidade de xénero”. Así mesmo, este apartado está dividido en catro puntos: Introducción, Datos cuantitativos, Actividade de supervisión e Resolucións e investigacións concluídas positivamente. A continuación preséntase unha versión resumida da información recollida no informe.

Datos cuantitativos

No ano 2024 continúa a tendencia á baixada no número de asuntos rexistrados en comparación cos anos anteriores. O informe da Valedora do Pobo recolle como a aprobación da *Lei 4/2023, de 28 febreiro, para a igualdade real e efectiva das persoas trans e a garantía dos dereitos das persoas LGTBI*, supuxo unha simplificación no trámite de cambio de nome e sexo rexistral das persoas trans. Así, este cambio

normativo pode ser un dos factores que explican o menor número de casos rexistrados.

Tal e como se pode ver na táboa 8, foron 4 as queixas presentadas no ano 2024, das cales 3 foron admitidas a trámite e 1 foi remitida ao *Defensor del Pueblo* por facer referencia a áreas sobre as cales non hai competencias autonómicas. Dos asuntos admitidos este ano, un resolveuse e concluíuse mentres os outros dous - correspondentes á mesma incidencia- rematáronse no ano 2025 por terse presentado xa avanzado o mes de decembro.

Táboa 8: Número de queixas presentadas á Valedora do Pobo. Galicia. 2021-2024

	2021	2022	2023	2024
Iniciadas	5	8	6	4
Admitidas	3	7	3	3
Non admitidas	0	0	1	0
Remitidas ao Defensor del Pueblo	2	1	2	1

Fonte: Informe da Valedora do Pobo

Como se indicou previamente, dos casos admitidos só un foi resolto no propio ano 2024. O asunto tratábase dunha consulta en relación co contido dun cartel utilizado por un local de lecer nocturno. Porén, pouco despois de presentar a queixa a interesada desistiu da mesma ao coñecer que o goberno municipal se manifestou en contra do cartel e actuou fronte á empresa promotora.

Os outros dous expedientes relaciónanse entre si e refírense á unha posible situación de discriminación vivida por un estudante universitario, tanto en relación

ao trato recibido por parte dunha docente como en relación ao cambio do nome nas listaxes das materias que cursa.

Por unha banda presentou queixa o alumno afectado e por outra a asociación Arelas á que se lle indicou que estaba tramitándose o expediente a petición da persoa afectada.

Como se indicou anteriormente, o asunto non se resolveu ata o mes de xaneiro de 2025, cando se emitiu unha resolución da que se dará conta no Informe correspondente.

3.2. Observatorio Galego LGBTIQ+

3.2.1. Denuncias remitidas ao Observatorio contra a discriminación por orientación sexual e identidade de xénero

No ano 2024 o Observatorio LGBTIQ+ recibiu dúas denuncias de incidentes de odio por orientación sexual e/ou identidade de xénero.

Denuncia trasladada pola asociación Trans Miño

No mes de xaneiro a asociación Trans Miño trasladou ao Observatorio o caso dunha parella de homes residentes no concello das Neves viña sufrindo unha situación de acoso prolongado no tempo por parte dunha veciña, á cal acusan de causar danos na súa propiedade, de proferir insultos homófobos e de ameazas. Trans Miño indicaba que despois de ter denunciado a situación fronte á Garda Civil tivera lugar un xuízo sen convocar ás persoas denunciante, no cal a causa fora desestimada. Así, a asociación denunciante solicitaba que a Dirección Xeral de Xustiza revisara o caso e se o xulgado actuara de xeito correcto. Porén, o equipo técnico do observatorio aclarou que non se chegou a celebrar tal xuízo; xa que, recibidas as actuacións da

Garda Civil por presunto delito de injurias, o Xulgado de Primeira Instancia e Instrución Número 1 de Ponteareas, incoa dilixencias previas e das mesmas desprendese que os feitos aos que se refiren non son constitutivos de infracción penal e que procede acordar o sobresemento libre e o arquivo das mesmas. Esta información foi trasladada a Trans Miño.

Na denuncia trasladada por Trans Miño tamén se pide consello sobre que outras accións se poden desenvolver para solucionar o caso. Desde o equipo técnico do Observatorio deuse resposta ao caso na mesma semana na que se recibiu a denuncia, ofrecendo consello e recursos que poderían ser de utilidade para resolver a situación, en particular recomendando acudir á Valedora do Pobo. Porén, o caso non foi trasladado ás institucións correspondentes dentro do Observatorio ata que se obtivo un documento de consentimento informado asinado polas persoas afectadas, xa que a documentación trasladada pola asociación Trans Miño incluía datos altamente sensíbles e protexidos pola lexislación de protección de datos.

Unha vez obtido o consentimento informado e seguindo o indicado polo artigo 18 do Regulamento de Funcionamento Interno do Observatorio, a información do caso foi trasladada ás vogalías das asociacións así como á FEGAMP, á Dirección Xeral de Xustiza e á Delegación do Goberno en Galicia, outorgando un prazo de 15 días hábiles para dar resposta á denuncia.

A Dirección Xeral de Xustiza, dado o carácter puramente xudicial da queixa, recomendaba recorrer ao ámbito xudicial e exercitar as accións e/ou presentar os recursos ou escritos que ao seu dereito mellor conveñan para a defensa dos dereitos. No seu escrito, tamén recollía unha serie de recursos a disposición das persoas interesadas: as Oficinas de Asistencia ás Vítimas e, de ser necesario, o Servizo de Orientación Xurídica (SOX) dos Colexios de Avogados de Galicia.

A FEGAMP solicitou a convocatoria de urxencia dun Pleno Extraordinario do Observatorio, mais pola proximidade da data prevista para o Pleno Ordinario propúxose dedicar un punto da orde do día a este caso.

Durante o Pleno Ordinario do Observatorio LGBTIQ+ Galego celebrado o 15 de maio de 2024, o representante da asociación Trans Miño informou de que a parella á que se refire o caso xa puxera en venda a súa vivenda e abandonara o municipio. Así mesmo, tamén informou de que a súa asociación non chegou a trasladar a denuncia á Valedora do Pobo xa que as vítimas non deron permiso, ao preferir centrar os seus tempos e esforzo na vía legal xa iniciada.

A representante da FEGAMP indicou que desde a federación consideran necesario ter contado coa información antes para ter podido interceder no conflito co goberno municipal. Proponse unha maior colaboración entre a FEGAMP e o Observatorio e proponse ter unha xuntanza bilateral entre a Xunta e a FEGAMP para tratar cuestións LGBTI.

No pleno non se fixo ningunha outra proposta de actuación, polo que o caso se deu por pechado.

Denuncia trasladada pola asociación Arelas

En outubro de 2024, a asociación Arelas solicitou engadir un punto na orde do día do Pleno do Observatorio LGBTIQ+ que se reuniu en sesión ordinaria no 13 de novembro do mesmo ano co fin de tratar unha cuestión que denunciaban como incidente LGBTIfóbico.

No pleno, a asociación Arelas denunciou que unha plataforma viña de publicar un informe titulado *"Análisis del Protocolo de Identidad de Género de la Xunta de Galicia"*

y solicitud de modificación" no que segundo Arelas se incorre en ataques contra o colectivo trans galego, chegando a realizarse sinalamentos a activistas particulares con nomes e fotos, así como a colectivos representados no Observatorio LGBTIQ+ Galego.

Segundo Arelas, os contidos do informe constitúen un posible delito de odio por negar as realidades do colectivo LGBTI, exercer presión cara centros educativos e docentes para excluír a perspectiva LGBTI dos currículos e materiais educativos, e promover a discriminación, invisibilización e negación de atención cara as persoas trans.

A representante de Arelas indicou que este documento fora enviado aos centros de ensino de Galicia así como á Consellería de Educación, e indica preocupación por se desde as institucións galegas se está a outorgar credibilidade e influencia a estas posturas.

Dada a gravidade do contido do informe e de que se lle enviara aos centros educativos, a representante de Arelas propón que dende o Observatorio se realice unha declaración e un comunicado aos centros para deixar clara a postura do Observatorio ao respecto do informe.

Varias das vogalías presentes no Pleno indican que un comunicado público no que se mencione o informe pode supoñer un aumento no impacto social do mesmo. Desde a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade propónse recoller na acta do Observatorio o rexeitamento unánime de todas as institucións e entidades presentes no órgano cara este informe.

Despois de intercambiar opinións chégase ao acordo de incluír na nota de prensa sobre o Pleno un parágrafo no que se recolla unha declaración de denuncia contra a transfobia sen mencionar polo nome o informe para evitar darlle difusión.

3.2.2. Informe do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia de ALAS A Coruña Asociación LGBTI+

O Informe *Un compromiso colectivo* correspondente ao ano 2024 do Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia elaborado por ALAS A Coruña, complementa a información proporcionada polas fontes oficiais sobre as experiencias de discriminación e agresións sufridas pola comunidade LGBTI na comunidade autónoma, sendo a única asociación en Galicia que elabora un informe destas características.

Número de Incidentes e Agresións

Ao longo de 2024, o Observatorio de ALAS Coruña **registrou un total de 42 incidentes de odio**. Destes, **33 foron considerados agresións dirixidas cara á comunidade LGBTI galega**. Neste informe, considéranse agresións os incidentes de odio de tipo verbal, físico e verbal, acoso e agresión sexual; excluindo os danos patrimoniais e a denegación de servizos.

Segundo se destaca no informe, por terceiro ano consecutivo o **número total de incidentes de odio rexistrados polo servizo diminuíu lixeiramente dos 48 rexistrados no 2023, confirmando unha tendencia de estabilización do número de casos mais sen volver ás cifras previas a 2020.**

Tipoloxía dos Incidentes de Odio

En 2024, a tipoloxía de incidentes de odio rexistrada polo Observatorio de ALAS A Coruña foi a seguinte:

Táboa 9: Incidentes de odio segundo a súa tipoloxía. Galicia. 2024

Tipoloxía dos incidentes	n.º de incidentes
Agresión verbal	18
A. física e verbal	9
Danos contra o patrimonio	8
Acoso	6
Denegación de servizos	1
Agresión sexual	0
TOTAL	42

Fonte: Informe Unha diversidade libre 2024.

Espazos onde ocorren os Incidentes

Por quinto ano consecutivo, o informe indica que **a vía pública foi o lugar onde se produciu a maior parte dos incidentes de odio.** Por terceiro ano, **os incidentes ocorridos no fogar ocuparon a segunda posición.** Os incidentes

ocorridos nos ámbitos da educación e a sanidade baixaron a respecto de anos previos.

Táboa 10: Incidentes de odio segundo a súa tipoloxía. Galicia 2024

Eido dos incidentes	n.º de incidentes
Vía pública	14
Doméstico	8
Lecer	8
Educativo	4
Sanitario	2
Laboral	2
Prensa	2
Administrativo	1
RRSS	1
TOTAL	42

Fonte: Informe Unha diversidade libre 2024

Distribución Xeográfica dos Incidentes

A distribución xeográfica dos incidentes rexistrados foi a seguinte:

- A **cidade da Coruña** foi escenario do 42,86% dos incidentes (**18** casos).
- A **comarca da Coruña** rexistrou **1** incidente (fronte a 4 en 2022 e 2 en 2023), ocorrido no concello de Sada.
- O **resto do territorio galego** (Galicia, sen contar A Coruña cidade e comarca) representou o 52,38% do total de incidentes (**22** casos).
- Ademais, rexistrouse **1 incidente no estranxeiro** (na cidade de Londres).

Malia que foi reportado dende o Reino Unido, o incidente refería a problemas persoais con xente que vive na cidade da Coruña.

4. CONCLUSIÓNS

O ano 2024 supuxo un **descenso nos incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero a nivel autonómico** rexistrados pola Oficina de Delitos de Odio do Ministerio de Interior, con 16 casos en Galicia. Este dato é inferior ao correspondente ao ano previo mais é o terceiro máis alto da serie analizada dende 2016. No 2024 a LGBTIfobia pasa a ser a segunda causa de incidentes de odio na comunidade representando o 20% do total, por debaixo do racismo/xenofobia (49%). A nivel estatal, tamén parecen terse estabilizado os datos, con 528 incidentes de odio por orientación sexual e identidade de xénero, 7 casos máis que en 2023.

Os datos recollidos polo Observatorio Coruñés contra a LGTBIfobia respaldan a tendencia dos datos do ministerio, cunha lixeira baixada a respecto de anos anteriores mais aínda mantendo un número alto de incidentes a nivel histórico. Así, obsérvase que despois dunha escalada entre os anos 2019 e 2021 nos que os casos de LGBTIfobia ascenderon cada ano nunha proporción elevada, este fenómeno semella ter acadado unha meseta. Desde entón, os datos amosan pequenas baixadas e subidas no número de casos.

As denuncias recibidas pola Valedora do Pobo e o Observatorio Galego contra a discriminación por orientación sexual e diversidade de xénero indican que o colectivo trans segue a ser un dos principais afectado polos incidentes de odio. Se ben a aprobación da Lei 4/2023 parece ter resolto parte dos problemas de tipo burocrático enfrontados polas persoas trans, as persoas deste colectivo seguen a atopar barreiras no día a día para vivir en plena inclusión, particularmente no eido educativo onde se encadran todos os casos recibidos nesta anualidade.

Por outra parte, tamén destaca a situación das persoas LGBTI no rural e a necesidade de seguir impulsando a detección dos casos, co fin de poder actuar, acompañar e resolver as situacións canto antes.

En definitiva, a situación descrita neste informe é semellante á analizada no ano 2023. Os niveis de LGBTIfobia en Galicia mantéñense estables, mais cunha lixeira baixada, en consonancia coa tendencia a nivel estatal; as persoas trans continúan a ser as que experimentan maiores dificultades na súa inclusión, e as persoas que viven no rural seguen precisando máis visibilidade e acompañamento que as que viven en zonas urbanas.

